



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000014

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 11 DE SETEMBRO DO 2025.

Sesión 13/2025-P

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u> <u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) <u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG») Non adscrito (NA) D. Fernando España López (Chano) (incorpórase ás 08:31 h) <u>NON ASISTENTE</u> D^a Patricia Martínez Abruñedo(<i>sen excusa</i>) <u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto <u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 08.30 horas do día xoves 11 de setembro do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urgente do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno extraordinario e urgente do Concello de Sada para a aprobación da presentación do plan estratéxico de subvencións.

1º.- APROBACIÓN DA URGENCIA DA SESIÓN.

O presidente, sr. Portela Fernández, xustifica os motivos da urgencia da sesión no remate do prazo de presentación do POS adicional.



Seguidamente, procédese á votación da dita urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

2º.- 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2025.

Consta no expediente proposta de alcaldía de data 8-9-2025 que literalmente sinala:

«A N E X O XIII

PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2025

2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2025

Recibida a circular da Excm. Deputación provincial sobre a elaboración do POS+Adicional 2/2025 para investimentos financeiramente sostíbeis, no que corresponde a este concello un total de achega provincial de 688.506,83 €,

PROPOÑO ao Pleno deste concello a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

Investimentos financeiramente sostíbeis novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos (€)				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Aparcadoiro en “As Brañas”, Sada	235.337,68	0	0	0	235.337,68
Reurbanización do Camiño de Ferrer, Sada	453.169,15	5.775,69	0	5775,69	458.944,84
TOTAL	688.506,83	5.775,69	0	5775,69	694.282,52

Aprobar os proxectos das obras e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2º FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)	-				-
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025	235.337,68	0	0	0	235.337,68
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	453.169,15	5.775,69	0	5775,69	458.944,84



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000014

TOTAL	688.506,83	5.775,69	0	5775,69	694.282,52
--------------	------------	----------	---	---------	------------

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Intervenien o sr. Graña Mosquera (BNG) manifestando o senso do seu voto.

A continuación, sra. Pena Álvarez (PSOE, Independiente) engade a conveniencia das melloras, pero manifesta a non claridade de diversos puntos, resaltando informes desfavorables de secretaría e do arquitecto municipal.

(Incorpórase o concelleiro D. Fernando España López (Chano) cando son as 08:31 h).

De seguido, a sra. Arias Ferreiro (PP) enumera unha serie circunstancias que se deben de mellorar e que se deben incluír no POS, comentando que a Deputación non concederá axudas mentres non obteñan a documentación que se precisa. Tamén comenta que saíron varios POS que a día de hoxe seguen paralizados. Destaca tamén a falta de previsión nos asuntos relativos ó POS e suxire unha serie de actuacións favorables para o municipio.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) intervén dicindo que os expedientes presentados non veñen con garantías, e resalta que non hai informe do arquitecto nin informe xurídico novos, e manifestando o senso do seu voto.

O sr. España López (non adscrito) comeza a súa intervención pedindo desculpas por chegar comezado o Pleno da Corporación; no senso do seu voto, manifesta a súa desconformidade cos expedientes presentados, sinalando a negatividade dos informes dos habilitados nacionais e dos técnicos de cada área.

A continuación, procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (6 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 8 (4 UPSA, 3 PP, 1 NA).
- Abstencións: 1 (GM-PSOE).

Resultando rexeitado o seguinte **ACORDO**:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos (€)			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega	IVE	Total



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000014

		municipal	soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	concello	
Aparcadoiro en “As Brañas”, Sada	235.337,68	0	0	0	235.337,68
Reurbanización do Camiño de Ferrer, Sada	453.169,15	5.775,69	0	5775,69	458.944,84
TOTAL	688.506,83	5.775,69	0	5775,69	694.282,52

Aprobar os proxectos das obras e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)	-				-
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025	235.337,68	0	0	0	235.337,68
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	453.169,15	5.775,69	0	5775,69	458.944,84
TOTAL	688.506,83	5.775,69	0	5775,69	694.282,52

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000014

subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 08 horas e 43 minutos do día xoves 11 de setembro do 2025, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que pode accederse pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.